



**Nº EXPEDIENTE:2025/SUBDIREC/000026**

**ASUNTO: OUTORGAMENTO DUNHA ACHEGA ECONÓMICA A ENTIDADE CLUB BALONCESTO ARXIL DE PONTEVEDRA PARA A PROMOCIÓN DO DEPORTE DO BALONCESTO NO CONCELLO DE PONTEVEDRA A TRAVÉS DO APOIO Á ORGANIZACIÓN DO CAMPUS C.B. ARXIL 2025**

### **RESOLUCIÓN APROBACIÓN SUBVENCIÓN**

Examinado o expediente tramitado para conceder a subvención directa que se sinala no asunto, resultan acreditados os seguintes:

### **ANTECEDENTES DE FEITO**

- 1.- A entidade CLUB BALONCESTO ARXIL DE PONTEVEDRA (NIF G36039584) presentou o 09.07.25 escrito con número de rexistro 2025033043 no que solicita unha axuda económica de 7.500,00€ con motivo da organización do Campus C.B. Arxil.
- 2.- Á vista da solicitude que formula a entidade interesada, a concelleira de promoción da igualdade, do benestar, da saúde e da economía emite unha memoria xustificativa na que dispón, entre outros extremos, o inicio do expediente de outorgamento da subvención solicitada, tendo en conta que no Orzamento Xeral do Concello para o ano 2025 existe unha partida para tal fin.
- 3.- A subvención obxecto do expediente figura prevista co número de ficha con número de orde 17 dentro da area de competencia de deportes do Anexo I da actualización do PES para o ano 2025 (aprobada a través do Decreto de Alcaldía do 22.08.24), pertencente ao Plan estratéxico de Subvencións do Concello de Pontevedra para os exercicios 2023-2025 e publicado no apartado de transparencia da sede electrónica do Concello de Pontevedra.
- 4.- Incorpórase ao expediente informe económico sobre estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e informe proposta de aprobación da subvención directa, ambos asinados pola dirección do servizo de deportes.
- 5.- Consta no expediente informe da Asesoría Xurídica Municipal de data 11.08.25.
- 6.- A Intervención Xeral, con data 20.08.25, emitiu informe de fiscalización previa limitada de conformidade co disposto no artigo 214 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo que aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), así como no artigo 58 do Regulamento orgánico do goberno e da administración do Concello de Pontevedra, e Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.

### **CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:**

- 1.- O artigo 25.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local establece que o municipio, exercerá en todo caso competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, na materia obxecto da subvención, o que xustifica a utilidade pública e interese social na concesión da axuda.
- 2.- O artigo 3 da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Pontevedra dispón que son subvencións as disposicións dinerarias realizadas polo concello para o desenvolvemento de proxectos, accións ou condutas que teñan por obxecto o fomento dunha actividade de titularidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública.
- 3.- O artigo 22.2 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, establece que poderán concederse subvencións de forma directa cando estas estivesen previstas nominativamente nos orzamentos dos





entes públicos.

4.- A entidade club baloncesto Arxil de Pontevedra acredita no expediente que está ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Facenda Municipal, coa ATRIGA, coa AEAT, e coa TXSS, e figura no expediente a documentación xustificativa destes extremos. Ademais, segundo os datos dos que dispón o Servizo a entidade no se atopa incurso en ningunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2. da LXS, e cumpre coas bases que regulan este procedemento, co Regulamento Municipal de Subvencións e coa a Lei Xeral de Subvencións.

5.- O evento deportivo para o que se solicita a axuda é unha actividade de grande interese público e social, polo elevado número de participantes, polo nivel deportivo, e, en especial, pola notable e moi necesaria promoción da práctica deportiva entre a poboación feminina por ser este un sector da poboación que, a vista das enquisas poboacionais, evidencia unha participación moi baixa na práctica deportiva. E por último, son actividades de grande interese social pola relevancia que ten a dinamización asociativa no mundo do deporte federado feminino e a consolidación de proxectos nese ámbito. Deste xeito, a celebración do Campus C.B. Arxil 2025 na cidade de Pontevedra suporá a posta en valor da práctica deportiva, especialmente da feminina.

De conformidade co anterior, esta Administración considera de interese o outorgamento dunha axuda económica, por importe máximo de 7.500,00€, con motivo da organización da actividade seguinte: Campus C.B. Arxil. A relevancia da actividade deportiva sinalada, así como as anteditas razóns de promoción do deporte, especialmente o deporte de base feminino, e da difusión da imaxe da cidade xustifican a excepcionalidade esixida pola Ordenanza de subvencións do Concello en canto á porcentaxe da subvención a outorgar, propoñéndose que esta poida alcanzar ata o 100% do custe da actividade

6.- A competencia para a concesión de subvención directa co carácter de nominativa corresponde á Alcaldía, en función do establecido no artigo 36.3 da Ordenanza xeral de subvencións, no artigo 124.4.n) da Lei 7/1985 e no artigo 13.2.n) do Regulamento orgánico do goberno e da administración municipal. A dita competencia delegouse por decreto da Alcaldía de data 17.09.2024 nos/as concelleiros/as de goberno delegados/as de área segundo o seu ámbito funcional, en concreto no caso que nos ocupa, na concelleira de promoción da igualdade, do benestar, da saúde e da economía.

Pola súa banda, a sinatura do convenio corresponderá ao Alcalde, ao abeiro do artigo 124.1 e 4.ñ) da Lei 7/1985, que lle atribúe a máxima representación do municipio e a chamada competencia residual.

Consonte cos fundamentos xurídicos expostos, unha vez informada a existencia de crédito pola Oficina de xestión presupuestaria e contabilidade e informado o expediente de conformidade pola Intervención Xeral municipal,

#### ACORDA:

**Primeiro.-** Aprobar a concesión da subvención prevista nominativamente nos orzamentos municipais a entidade CLUB BALONCESTO ARXIL DE PONTEVEDRA (NIF G36039584), para apoiar a organización do Campus C.B. Arxil e por importe de sete mil cincocentos euros (7.500,00€), nos termos previstos na memoria da concelleira de promoción da igualdade, do benestar, da saúde e da economía e no convenio regulador da axuda.

A achega económica financiará como máximo o 100% do importe do gasto total do programa subvencionado, co límite de sete mil cincocentos euros (7.500,00€), en base ás especiais razóns de interese público e social motivadas no expediente.

**Segundo:** Aprobar o gasto polo importe e con cargo á aplicación orzamentaria e operación do exercicio vixente que se indica:

| Aplicación          | Operación nº   | Importe   |
|---------------------|----------------|-----------|
| 2025.05.3410.489.10 | 12025000043676 | 7.500,00€ |
| Total               |                | 7.500,00€ |





**Terceiro.-** Aprobar o texto da proposta de convenio regulador da subvención que se incorpora ao expediente como anexo a presente resolución (CSV: 9S7GF4OQDBY1F6U2).

Así o manda e asina a concelleira da concelleira de promoción da igualdade, do benestar, da saúde e da economía e da fe do acto o Secretario da Administración Municipal.

Pontevedra, na data que consta na sinatura electrónica

